

Lei 7/1987, do 10 de novembro, sobre a Compilación do dereito civil de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proposición de lei, BOPG núm. 107, do 11.2.1987. Corrección de erros: BOPG núm. 110, do 17.2.1987.

Debate e toma en consideración polo Pleno, DSPG núm. 54, do 12.5.1987.

Emendas, BOPG núm. 154, do 19.6.1987.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 172, do 17.9.1987.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 184, do 2.11.1987.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 66, do 10.11.1987.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 189, do 12.11.1987.

Diario Oficial de Galicia núm. 12, do 20.1.1988.

Boletín Oficial del Estado núm. 33, do 8.2.1988.

Lei 7/1987, do 10 de novembro, sobre a Compilación do dereito civil de Galicia

Esta lei foi derogada pola Lei 4/1995, de dereito civil de Galicia.

Galicia, logo de se constituír en Comunidade Autónoma para acceder ó seu autogoberno, asume como unha das súas tarefas principais a defensa da súa identidade e dos seus intereses, segundo sinala o primeiro dos artigos do seu Estatuto de Autonomía.

No tocante á devandita defensa, o exercicio da potestade lexislativa que lle corresponde a Galicia en materia do seu Dereito Civil representa unha fasquía sobranceira por mor da realidade histórica das súas normas e institucións, e, sobre todo, pola potencialidade que, ó amparo do disposto no artigo 27.4 do Estatuto, debe conlevalo seu desenvolvemento cara á formación dun corpo xurídico civil propio; autonómica e parlamentariamente establecido.

A historia da previa existencia á Constitución do Dereito Civil galego fixo posible que a Comunidade Autónoma de Galicia puidese asumir no seu Estatuto, e con carácter exclusivo, a competencia sobre a dita materia verbo da súa conservación, modificación e desenvolvemento, mais non determinou que este último teña que se cinguir ós

supostos institucionais recollidos no texto, por certo non completo, da Compilación aprobada pola Lei do 2 de decembro de 1963.

O labor que, xa que logo, lles cómpre realizar ós poderes públicos galegos, e entre eles especialmente ó Parlamento, en materia de Dereito Civil galego, implicará ó cabo desenvolve-lo nunha liña abertamente constitucional e nidamente autonomista, que co imperioso anovamento das disposicións da Compilación de 1963 terá que encanalar as que precisen as institucións non recollidas na mesma.

O Parlamento de Galicia, ó aproba-la presente Lei, que adopta e integra no ordenamento xurídico da Comunidade Autónoma o texto normativo da Compilación do 2 de decembro de 1963, coas únicas modificacións esixidas pola falta de harmonía constitucional e estatutaria dalgúns dos seus preceptos e de vixencia doutros, asenta o sinxelo mais necesario alicerce para o acaído desenvolvemento do Dereito Civil galego.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Esta-

tuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei sobre a Compilación do Dereito Civil de Galicia.

Artigo 1

Pola presente Lei, baixo o título de Compilación do Dereito Civil de Galicia, adóptase e intégrase no ordenamento xurídico galego o texto normativo da Lei 147/1963, do 2 de decembro, sobre «Compilación del Derecho Civil especial de Galicia», coas modificacións establecidas nos artigos seguintes.

Artigo 2

Modifícase o título preliminar da Compilación do Dereito Civil de Galicia na súa rúbrica e nos seus artigos 1 e 2, parágrafo 1.º, e a súa redacción será a seguinte:

«Título preliminar.— Da aplicación do Dereito Civil de Galicia.»

«Artigo 1

As disposicións do Dereito Civil de Galicia aplícanse no territorio da Comunidade Autónoma galega, sen prexuício da vixencia que poidan ter noutros ámbitos territoriais, ó abeiro da correspondente normativa autonómica ou estatal.»

«Artigo 2, parágrafo 1.º

De conformidade co establecido na Constitución e no Estatuto de Autonomía, o Dereito propio de Galicia en materia do seu Dereito

Civil é aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro.»

Artigo 3

Modifícase o artigo 47, parágrafo 2.º, da Compilación do Dereito Civil de Galicia, e a súa redacción será a seguinte:

«Artigo 47, parágrafo 2.º

O home e a muller casados forman parte da Compañía con plena igualdade xurídica.»

Artigo 4

Modifícase o artigo 53.a) da Compilación do Dereito Civil de Galicia, suprimíndose as palabras «...su interdicción civil...».

Artigo 5

Modifícase o artigo 90 da Compilación do Dereito Civil de Galicia, suprimíndose o seu parágrafo 2.º.

Artigo 6

Suprímese a disposición adicional da Compilación do Dereito Civil de Galicia.

Artigo 7

Modifícase a disposición derradeira primeira da Compilación do Dereito Civil de Galicia, e a súa redacción será a seguinte:

«Disposición derradeira primeira

As normas de Dereito Civil de Galicia, escrito ou consuetudina-

rio, vixentes ó se promulga-la Compilación do 2 de decembro de 1963, substitúense polas contidas nela, á parte da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia sobre o Dereito Civil galego verbo da súa conservación, modificación e desenvolvemento.»

Artigo 8

Modifícase a disposición derradeira segunda da Compilación do Dereito Civil de Galicia, e a súa redacción será a seguinte:

«Disposición derradeira segunda

En todo o non previsto polas disposicións do Dereito Civil de Galicia, rexerá supletoriamente a lexislación civil do Estado que non sexa de directa aplicación xeral.»

Artigo 9

Suprímese a disposición derradeira terceira da Compilación do Dereito Civil de Galicia.

Artigo 10

Modifícase a disposición transitoria terceira da Compilación do Dereito Civil de Galicia, substituíndose a frase «Las aparcerías actualmente en vigor quedan sometidas a las normas de esta Compilación...» pola de «As parcerías vixentes á entrada en vigor da Lei 147/1963, do 2 de decembro, sométense ás súas normas...», e a frase «...a la entrada en vigor

de la Compilación...» pola de «...á entrada en vigor da Lei 147/1963, do 2 de decembro...».

Artigo 11

Modifícase a disposición transitoria cuarta da Compilación do Dereito Civil de Galicia, substituíndose a frase «...actualmente concertadas...» pola de «...concertadas á entrada en vigor da Lei 147/1963, do 2 de decembro...», e a frase «...en la Compilación» pola de «...na Lei 147/1963, do 2 de decembro».

Disposición derogatoria

1. En tanto en canto puidesen conservar algunha vixencia, considéranse definitivamente derogados o título I, suprimíndose os seus artigos 3 ó 46, e as disposicións transitorias primeira e segunda da Lei 147/1963, do 2 de decembro.

2. Queda derogado, en tanto en canto non estivese xa derogado, o capítulo 1.º do título V da Lei 147/1963, do 2 de decembro, suprimíndose os seus artigos 88 e 89.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 1987

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente